



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O PROXECTO DE EMBELECIMENTO DO NÚCLEO RURAL DE SANIN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Ribadavia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Ribadavia para o proxecto de embelecemento do núcleo rural de Sanín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- O concello de Ribadavia pretende levar a cabo actuacións que consisten no embelecemento e posta en valor do núcleo rural de Sanín a través dunha nova pavimentación do camiño principal do devandito núcleo, composto por un camiño central de 2,3 m de ancho e 15 cm de espesor de formigón gris cepillado, rematado a ámbolos lados cun acabado liso e 10 cm de ancho. Contará coas súas correspondentes xuntas transversais cada 5 metros, con acabado liso. Dito camiño contará cun bombeo do 2% cara o eixo central para canalizar as augas pluviais.

A ámbolos lados do camiño, nos perímetros e sobreanchos, disporase adoquín de formigón de 9- 15 x 12 x 8 cm.

Como sub-base da superficie da rúa, disporase unha capa de saburra artificial cun espesor de 15 cm baixo o camiño central e de 10 cm baixo os perímetros.

Ademais, preténdese rebaixar o nivel da rasante do camiño entre 10 e 15 cm para mellorar o acceso dalgunhas vivendas que dispoñen dunha cota de entrada por debaixo da devandita rasante.

Con respecto ás instalacións, proxéctase a colocación de novos sumidoiros no eixo central, que se conectarán á rede existente de pluviais para conseguir unha mellora na drenaxe. Ademais repoñeranse as reixas das entradas ás casas.

Por outra parte, se prevé a reposición de 180 m de canalización da rede de abastecemento existente que se encontra actualmente en mal estado. A devandita rede proveerase dos





correspondentes pozos de conexión, válvulas de comporta e demais accesorios necesarios para o seu correcto funcionamento.

Quinto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Tres son os retos da estratexia de Turismo 2020 e once as súas liñas estratéxicas.

O Reto 1.- Aproveitar o potencial dos recursos naturais de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ó redor dunha Marca: Galicia. A sustentabilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

- Paisaxe, recursos naturais e sustentabilidade.
- Valores diferenciadores e o seu potenciamento
- A mobilidade turística
- Os camiños de Santiago como dinamizadores do país

A súa vez, a liña estratéxica 2 ten por obxecto os valores diferenciadores e a súa potenciación, e nela establécese que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recurso transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Son obxectivos estratéxicos desta liña:

1. Singularización dos nosos valores diferenciadores
2. Impulso da enogastronomía galega.
3. Impulso do turismo termal.





Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Ribadavia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

